

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*Acordo da Xunta de Goberno polo que se aproban as Bases reguladoras do programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2018*

##### **Bases reguladoras do programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2018**

Por Acordo da Xunta de Goberno do 15 de xuño de 2018, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2018, que se transcriben deseguido:

##### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DESTINADO A ENTIDADES LUCRATIVAS PARA A PRODUCCIÓN DE PROXECTOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE CULTURAL NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2018**

|                                                  |                                                                                                                                                                              |
|--------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Denominación                                     | Programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2018.   |
| Referencia                                       | F0300/2018                                                                                                                                                                   |
| Aplicación orzamentaria                          | 0612/3341/479 Outras subvencións a empresas privadas - Promoción actividades culturais.<br>Importe 200.000 €<br>Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria |
| Importe total do orzamento de gastos do proxecto | Mínimo 6.000                                                                                                                                                                 |
| Importe da subvención que se ha conceder         | Mínimo 2.500, máximo 30.000 €                                                                                                                                                |
| Importe solicitado                               | Ata o 80% dos gastos subvencionables, cun límite de 30.000 €                                                                                                                 |
| Coefficiente de financiamento                    | 0,8 máximo                                                                                                                                                                   |

##### **Base 1.-Liñas xerais.**

A difusión, extensión e accesibilidade da oferta cultural do sector profesional e do non profesional no conxunto do territorio, o fomento da densidade e cooperación cultural a través do apoio a concellos e entidades sen fins de lucro e o apoio directo a creadores e creadoras a través dos premios e bolsas artísticas, son algunhas das liñas mestras xa asentadas na política cultural da Deputación desde hai anos.

Ao seu carón conviven no sistema cultural actual as iniciativas procedentes do campo das entidades lucrativas que traballan neste campo: iniciativas de artistas ou empresas culturais que, en moitos casos, achegan enfoques e prácticas de alto interese pola súa natureza innovadora, experimental, relacional ou social. A relación da administración pública con este sector privado da cultura está nunha fase de tanteo e definición no marco do Estado español. Seguramente o ICEC (Institut Català de Empreses Culturals) e a AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) sexan dúas mostras de tentativas de crear ferramentas específicas de apoio e fomento ao ámbito cultural privado desde o campo do público.

Iso é así porque cada vez se reconece de forma máis unánime o valor estratéxico da produción cultural. Os sectores privados da cultura xeran riqueza, emprego e valor cultural e simbólico para a sociedade á que pertencen. No caso galego, pola especificidade de contarmos cunha lingua propia cunha problemática específica, a produción cultural privada en galego ten un valor duplo. Dun lado garante que como sociedade teñamos capacidade produtiva propia e viva no ámbito cultural. É dicir, contribúe a facer da galega unha sociedade capaz de xerar contidos e discurso cultural propio, de seu, facendo visible a nosa identidade a través dunha produción cultural autónoma, e no noso idioma. Doutro, esa singularidade resulta, a un tempo, un valor engadido –entanto singulariza a oferta- e un condicionante –porque carece de estruturas de apoio e conleva condicionantes obxectivos no mercado cultural-. A existencia dun tecido cultural privado, que ofrezca contidos de calidade e de interese en lingua galega, e capaz de gañar músculo, solvencia, autonomía e capacidade de ser rendíbel, resulta fundamental para o desenvolvemento cultural normalizado do noso país e esixe da posta en marcha de políticas de apoio desde o ámbito público.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia cultural e no marco do diálogo e a coordinación con outras administracións públicas, quere poñer en marcha unha convocatoria específica de subvencións destinada a entidades lucrativas para o apoio ao desenvolvemento de proxectos singulares de especial interese cultural. A creación desta convocatoria vén complementar a existencia das liñas de apoio a entidades non lucrativas que atenden este tipo de proxectos.

Tramitación: as subvencións desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL). A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitud, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrència competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

## Base 2.-Réxime xurídico.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2018, da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro). Nos termos desta normativa, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

**Base 3.-Obxecto e gastos subvencionables.****3.1. Obxecto específico do programa:**

Esta convocatoria quere apoiar especificamente a produción de proxectos singulares de especial interese cultural realizados por entidades lucrativas.

Para os efectos deste programa, entendemos por proxectos singulares de especial interese cultural aquelas iniciativas que desenvolvan propostas artísticas e/ou culturais en lingua galega que resulten de interese para o desenvolvemento cultural a través da achega dun valor engadido de carácter social (igualdade, dereitos, diversidade, respecto medioambiental, estima colectiva, cohesión social, integración...), patrimonial (memoria, coñecemento, difusión social) ou artística (innovación, experimentación, propostas de risco...).

Os proxectos e iniciativas susceptibles de apoio neste programa FO300 poderían abordar, sempre desde o ámbito da cultura, temáticas como a cohesión e integración social, a defensa das diversidades e a convivencia intercultural, a sensibilización medioambiental, o traballo en favor da igualdade, a integración de persoas con diversidade funcional, a educación en valores, o desenvolvemento territorial, a recuperación demográfica ou a revitalización das identidades comunitarias a través do seu patrimonio material e inmaterial común. Trátase pois de proxectos culturais que, desde a súa natureza cultural e artística, achegan valor para o progreso social nalgún deses campos devanditos, valorándose a temática que aborden, a capacidade de vinculación e participación directa dos colectivos relacionados con ela e o impacto e definición dos públicos ou colectivos destinatarios.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse de forma maioritaria no territorio da provincia da Coruña e co galego como lingua vehicular.

En relación á súa temporalidade, as solicitudes poderán ter dobre carácter:

1. Proxectos anuais, é dicir, nos que se formule a realización dun proxecto con actividades concretas para o período subvencionable.
2. Unha fase concreta que forme parte dun proxecto plurianual, sempre limitándose ás actividades que se desenvolvan durante o exercicio económico actual.

A axuda non poderá superar o 80% do orzamento subvencionable, cunha cantidade máxima por proxecto de 30.000 €.

As subvencións outorgadas para este fin por todas as administracións públicas ao beneficiario non poderán exceder de 200.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais, de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos.

**3.2. Gastos subvencionables.**

| CONTA | Descrición da conta segundo o Plan Xeral de Contabilidade                                                  |
|-------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 600   | Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)                                       |
| 621   | Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións; dereitos de autor) |
| 623   | Servizos profesionais independentes - contratacións externas                                               |
| 624   | Transportes (utilización de medios de transporte regular para o desenvolvemento da actividade)             |
| 627   | Publicidade e propaganda                                                                                   |
| 640   | Soldos e salarios                                                                                          |
| 642   | Seguridade Social a cargo da entidade                                                                      |

Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.

Non se subvencionan en ningún caso gastos indirectos ou propios do funcionamento ordinario da entidade solicitante. Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.

**Base 4.-Exclusións.**

Non serán obxecto de subvención neste programa:

- As actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no presente exercicio. Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles, así que a/o beneficiaria/o tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.

- As actividades promovidas por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As actividades promovidas por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.
- Os proxectos que reciban subvención nesta convocatoria non poderán presentarse á mesma nos seguintes 3 anos naturais.
- Os gastos de promoción das actividades xa incluídas na Rede Cultural da Deputación da Coruña.
- Os gastos de carácter xeral da empresa solicitante (persoal e gastos correntes).
- Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, agás que estean vinculados directamente ao desenvolvemento do proxecto subvencionado. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.
- Os gastos financeiros.
- Os gastos protocolarios (agasallos, caterings...).
- O IVE ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, non terán a consideración de gastos subvencionables.

#### **Base 5.–Solicitantes.**

Poderán acceder a esta liña de axudas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa.

#### **Base 6.–Requisitos e obrigas dos solicitantes.**

A presente convocatoria vai dirixida a entidades lucrativas que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán de forma maioritaria no ámbito territorial desta provincia.

Os solicitantes terán que cumprir os seguintes requisitos e obrigas:

1.–Para as persoas físicas, teren iniciado unha actividade económica coa súa correspondente alta no Réxime Especial de traballadores Autónomos ou en aquel que legalmente ou estatutariamente lle corresponda, con data de alta anterior á data de presentación da solicitude de subvención.

Para as persoas xurídicas, estaren legalmente constituídas antes de presentaren a solicitude.

2.–Dado que tramitación será telemática:

O solicitante ou o representante legal da entidade cando se trate de persoas xurídicas, deberán ter sinatura electrónica e dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

3.–Estaren ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social e non estaren incursas en expedientes de regulación de emprego, regulación ou despido improcedente.

4.–Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

5.–Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

As entidades beneficiarias, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Cultura da Deputación: @DACCultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

6.–Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo etc.) no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, ticket de aparcadoiro etc).

O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de subvencións e en relación cos art. 31.2 e 37 da Lei xeral de subvencións, sempre que o dito gasto supere o importe de 150 €.

7.–Someterse aos procedementos de control ou de auditoría que realice a Intervención provincial, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras e, tamén na condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

8.–As entidades beneficiarias da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención, debendo remitir no prazo dun mes despois de efectuados os pagos, a acreditación da realización de ditos pagos a través de transferencia bancaria. No caso das nóminas e seguridade social, terase en conta o prazo legalmente establecido. O non cumprimento de dita condición no prazo establecido dará lugar á perda da subvención e ao inicio do expediente de reintegro.

9.–Solicítaren, polo menos, tres ofertas de distintas empresas provedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) para prestaren servizos, nos termos do artigo

31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

10.–Utilizaren, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

11.–No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil)

12.–Aplicaren un importe equivalente á subvención provincial recibida a reservas contables ao finalizar o exercicio 2018, no caso de que o resultado contable dese exercicio fora positivo. Se o importe dese resultado fora inferior á subvención recibida, aplicarase o total do mesmo a reservas contables. Esta dotación de reservas só poderá adicarse no seguinte exercicio contable ao financiamento dun novo gasto de natureza semellante ao financiado coa subvención provincial. O cumprimento da citada condición realizarase, no seu caso, mediante procedementos de control ou de auditoría que realice a Intervención provincial, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. O non cumprimento de dita condición dará lugar á perda da subvención e ao inicio do expediente de reintegro e, no seu caso, á sanción correspondente, así como a que o beneficiario non poida concorrer a novas convocatorias provinciais.

13.–Os proxectos deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega.

As entidades beneficiarias deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega como lingua de uso vehicular dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes), sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas. Desde a Área de Cultura da Deputación farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.

#### **Base 7.–Solicitudes.**

##### **7.1. Prazo e presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa na Base Nacional de Subvenciones, que se publicará no BOP.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade.

## 7.2. Documentación.

A documentación da solicitude deberá vir asinada, tanto certificacións como declaracións, pola/o propia/o profesional en caso de estar inscrita/o no Réxime Especial de traballadora/es autónoma/os, ou ben polo/a administrador/a ou representante legal designado/a por este/a no caso das persoas xurídicas.

Os solicitantes teñen que achegar:

### No caso de persoas físicas:

- DNI ou NIE acreditativo da personalidade do solicitante.
- Poder suficiente da persoa representante e firmante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante.
- Alta no IAE ou ,si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036).
- Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.

### No caso de persoas xurídicas:

- CIF do solicitante.
- Poder suficiente da persoa representante e firmante da solicitude para actuar en nome da persoa xurídica solicitante.
- Alta no IAE ou ,si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036).
- Estatutos ou calquera outro documento análogo que acredite a condición de empresario, segundo a natureza e a actividade.
- Escritura de constitución.
- Certificado de inscrición no rexistro público correspondente.
- Declaración responsable de que os seus socios, membros ou traballadores non concorren á mesma convocatoria.

### Para todos os solicitantes:

- Declaración de que as actividades obxecto da subvención se realizarán de forma maioritaria no ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Declaración da utilización da lingua galega na realización do proxecto.
- No caso de persoas con diversidade funcional deberá presentarse certificado correspondente.
- Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 novembro.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>). No caso de que os datos bancarios da entidade consten xa no ficheiro de terceiros da Deputación, non será necesaria a entrega deste documento.
- Solicitude de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade (art. 29.7.d) da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, e art. 68 do Regulamento, RD 887/06, do 21 de xullo).
- Declaración das axudas públicas recibidas baixo o réxime de mínimos nos tres últimos anos.
- **MEMORIA DO PROXECTO para o cal se solicita a subvención**, asinada polo representante, que conterá todos os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 8:



**1.-Identificación do proxecto.** Nome da persoa ou entidade que formula a solicitude e resumo breve da proposta presentada.

**2.-Traxectoria e natureza da entidade solicitante.** Presentarase un breve CV dos profesionais e/ou empresa/s que promoven a proposta, por un lado, e unha explicación da traxectoria do proxecto en anteriores fases ou edicións, de ser o caso. Para a redacción deste apartado teranse en conta os criterios de valoración que figuran na base 8.1.

**3.-Características e calidade técnica do proxecto.** Realizarase unha fundamentación razoada indicando:

**Interese da proposta.** Descrición da adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, a innovación na súa metodoloxía de desenvolvemento.

**Calidade e solvencia do proxecto.** Descrición da metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto, a adecuación do orzamento presentado, a calidade do plan de difusión e a existencia de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social.

**Contidos e enfoque social.** Valorarase a presenza da perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento dos proxectos, o uso de criterios de sostibilidade medioambiental e, en xeral, o uso de metodoloxías e enfoques inclusivos e que fomenten valores de convivencia e cohesión social.

**4.-Impacto social e destinatarios.** Indicarase:

- Perfil e número estimado de persoas destinatarias que se beneficiarán directa ou indirectamente do proxecto.
- Indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social que se empregarán para medir a consecución dos obxectivos do proxecto, así como estimación previa dos valores que se espera acadar.
- Colectivos aos que se dirixe o proxecto e perspectivas e enfoques cos que se desenvolverá.

**5.-Capacidade relacional e cooperativa do proxecto.** A solicitude deberá explicar a existencia ou non de colaboracións entre empresas, a realización de accións con asociacións, centros educativos, colectivos culturais e sociais, etc. do territorio e poderá presentar, se for do seu interese, cartas de apoio previo de entidades e/ou asociacións que traballen no eido ao que vai dirixida a iniciativa.

**6.-Orzamento e plan de difusión do proxecto no que figuren todos os gastos subvencionabeis.** O orzamento estará desagregado, con e sen IVE. Indicarase expresamente as fontes de ingresos previstos (monetarios ou en especie) e as porcentaxes que se destinan no orzamento a cada parte deste (coordinación, produción, contratación de actividades artísticas, plan de comunicación e mercadotecnia, etc).

**7.-Capacidade de transferencia e continuidade do proxecto.** Indicaranse os mecanismos e dispositivos previstos para a divulgación dos resultados do proxecto, a previsión ou non de memoria final accesible de xeito aberto e a fórmula en que se efectivizará, o uso de licenzas de autoría e uso aberto na documentación xerada, etc., así como a vocación de permanencia no tempo do proxecto, caso de existir.

- Importe da subvención solicitada, que poderá acadar como máximo o 80% do orzamento de gastos.
- Declaración das fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento), así como declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- Declaración responsable da valoración de horas que motiven a previsión de nóminas e gastos de seguridade social directa e exclusivamente asociados a este proxecto.
- Declaración responsable sobre a veracidade da información que consta na documentación achegada, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.
- Calquera outra documentación que as entidades solicitantes consideren de interese para o proxecto.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

**Base 8.-Resolución.****8.1. Valoración das solicitudes.**

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

**VALORACIÓN AUTOMÁTICA****1. Traxectoria e natureza da entidade solicitante (ata 10 puntos).**

- A persoa física beneficiaria da subvención é muller ou, no caso das entidades, o capital social desta está constituído, no mínimo, por un 50% de mulleres. 2 puntos.
- A persoa física beneficiaria da subvención é unha persoa con diversidade funcional ou, no caso das entidades, o capital social desta está constituído, no mínimo, por un 50% de persoas con diversidade funcional. 2 puntos.
- A persoa ou equipo promotor do proxecto ten experiencia en iniciativas similares nos últimos 3 anos: 2 puntos.
- A persoa ou persoas do equipo promotor contan con formación específica ligada á actividade a desenvolver: 1 puntos.
- O proxecto desenvolveuse en edicións anteriores á aquela pola que solicita subvención na presente convocatoria: máis de 5 anos, 3 puntos; máis de 3 anos, 2 puntos; menos de 3 anos, 1 punto.

**2. Impacto social e destinatarios (ata 25 puntos).**

- Que estea dirixido a persoas con diversidade funcional e/ou sensorial: 5 puntos.
- Que estea dirixido a persoas en risco de exclusión social: 5 puntos.
- Que implique ao colectivo da mocidade adolescente: 5 puntos.
- Que introduza estratexias de relación interxeracional: 5 puntos.
- Que desenvolva estratexias especificamente dirixidas á normalización social da lingua galega: 5 puntos.

**3. Capacidade relacional e cooperativa do proxecto (ata 20 puntos).**

- Que o proxecto sexa resultado dunha colaboración entre dúas ou máis empresas e/ou profesionais independentes: a partir do cumprimento da esixencia mínima, 2 puntos por empresa a partir até un máximo de 6 puntos.
- Que inclúa accións en colaboración directa con entidades asociativas, centros educativos, etc. do territorio: 2 puntos por centro ou entidade formalmente constituída, ata un máximo de 8 puntos.
- Que o proxecto conte cun mínimo de dúas cartas de apoio previo de entidades e/ou asociacións que traballen no eido ao que vai dirixida a iniciativa: 2 puntos por cada unha, ata un máximo de 6 puntos.

**4. Diversificación do orzamento e plan de difusión do proxecto (ata 10 puntos).**

- Que o orzamento conte con tres ou máis fontes de ingresos (monetarias ou en especie), sendo unha delas outra entidade diferente á/s promotora/s e á propia Deputación da Coruña: 5 puntos.
- Que o orzamento de comunicación e difusión, incluídos gastos de mercadotecnia e plan de patrocinio, sexa igual ou superior ao 15% do orzamento total: 5 puntos.

**5. Capacidade de transferencia e continuidade do proxecto (ata 5 puntos).** Valórase que o proxecto teña en conta unha proposta de elementos de transferencia pública dos resultados, co fin de que poidan ser referencia para futuras iniciativas no eido:

- Publicación dunha memoria final accesible de xeito aberto: 1 punto.
- Utilización de licenzas de autoría e uso abertas na documentación xerada polo proxecto: 1 punto.
- Publicación da memoria, documentación gráfica e/ou audiovisual do proxecto nun repositorio de acceso público, como por exemplo archive.org, Galicia e/ou Europea: 1 punto.
- Que o proxecto teña vocación de permanencia no tempo, ao incluír unha proposta de continuidade para a seguinte anualidade: 2 puntos.

**VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA**

Características e calidade técnica do proxecto, segundo a valoración dunha Comisión técnica de persoas profesionais e expertas/os de recoñecida traxectoria e prestixio no campo da cultura, tendo en conta o interese cultural e singularidade da proposta (ata 30 puntos). Teranse en conta:



- **Interese da proposta.** Valorarase a adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, a innovación na súa metodoloxía de desenvolvemento. Ata 10 puntos.
- **Calidade e solvencia do proxecto.** Valorarase a metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto, a adecuación do orzamento presentado, a calidade do plan de difusión e a existencia de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social. Ata 10 puntos.
- **Contidos e enfoque social.** Valorarase a presenza da perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento dos proxectos, o uso de criterios de sostibilidade medioambiental e, en xeral, o uso de metodoloxías e enfoques inclusivos e que fomenten valores de convivencia e cohesión social. Ata 10 puntos.

## 8.2. Concesión.

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrència competitiva e será aprobada por resolución da presidencia.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no sector

cultural galego, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste, formulará un proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para so que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles a interesadas/os na forma prevista na convocatoria. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberánse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se notifique a resolución definitiva de concesión.

## Base 9.-Xustificación e pagamento.

### 9.1. Prazo de xustificación.

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 29 de abril de 2019 ás 14.00 horas.

### 9.2. Consideracións xerais.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade.

O orzamento subvencionado para xustificar será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención e calcularase como resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar. Se non se acredítase esta circunstancia, resultará de aplicación o previsto no apartado 9.4 da presente base.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrència coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas máis os ingresos derivados das actividades de exhibición e distribución, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

### 9.3. Documentación xustificativa.

A documentación xustificativa deberá vir asinada pola/o profesional autónomo, administrador/a da entidade ou persoa representante.

Para o cobramento da subvención, deberán achegar a seguinte documentación:

- Memoria das actividades desenvolvidas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: as actividades realizadas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil das persoas beneficiarias, repercusión en medios de comunicación e redes sociais e indicación dos resultados obtidos. No aspecto económico, indicarse de forma pormenorizada o orzamento subvencionado, o executado e as desviacións producidas.
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, nome, apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (n.º de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e detalle da retención do IRPF, nos casos que proceda) e das desviacións acontecidas en relación ao orzamento.

Para os gastos de persoal indicarse para cada traballador/a o mes, a data, o importe bruto da nómina e o importe da Seguridade Social con cargo á entidade, así como a porcentaxe da xornada laboral que en cada caso se lle impute á actividade que se está a xustificar. Se a entidade ten algunha bonificación nas cotas da Seguridade Social ao seu cargo, terá que facer referencia ao seu fundamento legal na documentación achegada, achegando copia dos boletíns de cotización dos traballadores.

De conformidade co art. 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de que na certificación de gastos figuren persoas acreedoras, tanto físicas como xurídicas vinculadas coa entidade beneficiaria, estes deberán corresponderse cos indicados na solicitude de subvención das presentes bases e para as que se outorgase a autorización expresa da deputación. Así mesmo, os ditos gastos deberán axustarse aos prezos de mercado.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018. Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado.

Non obstante, naqueles casos nos que as actividades fosen realizadas no final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2019.

- Facturas ou documentos equivalentes incluídos na certificación da relación clasificada de gastos.
- Declaración de si está ou non exenta de IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo con dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non sexa deducible.
- Declaración da entidade na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Se o importe do gasto subvencionable supera a contía 15.000 € (IVE excluído) para a prestación de servizos por empresas de consultoría e asistencia técnica, a entidade beneficiaria da subvención deberá manifestar que solicitou tres orzamentos segundo o establecido no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

- Declaración das subvencións obtidas para este fin por todas as administracións públicas nos tres últimos exercicios fiscais, para os efectos de comprobar que non exceden de 200.000 €, de conformidade co previsto no artigo 3

do Regulamento (UE) n.º 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

- Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga da actividade subvencionada, así como do emprego da lingua galega nos soportes de difusión realizados con posterioridade á resolución da convocatoria.
- Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade aceptará a sanción que lle corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pagamento da subvención.

#### 9.4. Tramitación da xustificación.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

1. No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
2. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos, do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
3. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase a entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

#### Base 10.-Incumprimentos e sancións.

No caso de que o gasto de comunicación e difusión, incluídos gastos de mercadotecnia e plan de patrocinio, efectivamente realizado, non fose igual ou superior ao 15% do gasto total realizado, e este aspecto se tivera en conta na valoración da solicitude de acordo co disposto no apartado 4 da VALORACIÓN AUTOMÁTICA da Base 8.1, non se terá en conta o citado gasto a efectos da xustificación.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou nas específicas sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 150 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da subvención, co límite de 900 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto nos artigos 20 e seguintes da Ordenanza do control financeiro das subvencións, publicada no BOP n.º 116 do 22 de xuño de 2015.

A todas as sancións propostas seralle de aplicación a redución do 20 por 100 da sanción pecuniaria polo pago voluntario do presunto responsable establecida no artigo 85.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Disposición adicional primeira**

Para os efectos da salvagarda do dereito das entidades participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal nos termos dispostos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

**Disposición adicional segunda**

A participación na convocatoria deste programa supón a aceptación das súas bases reguladoras.

**Disposición adicional terceira**

A axuda establecida nestas bases queda sometida ao réxime de mínimos.

A Coruña, 15 de xuño de 2018.

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almar Supervía

2018/4526